

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

VALORES ÉTICOS

4º da E.S.O.

CPI Plurilingüe Cabo da Area

2020-2021

1. INTRODUCCIÓN	5
2. CONTEXTO	6
2.1. CENTRO	6
2.2. ALUMNADO	6
2.3. OBXECTIVOS	7
3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	9
4. RELACION DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE	10
Unidade 1: valores para un mundo globalizado.....	10
Unidade 2: A importancia da ética.....	11
Unidade 3: A democracia como estilo de vida.....	12
Unidade 4: sociedade e xustiza. Os dereitos humanos.....	13
Unidade 5: O dereito á paz.....	14
Unidade 6: Ética, ciencia e técnica.....	16
5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	18
6. METODOLOXÍA	19
6.1. OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS	20
7. AVALIACIÓN	22
7.1. AVALIACIÓN INICIAL	22
7.2. AVALIACIÓN CONTINUA	22
7.3. AVALIACIÓN FINAL	23
7.4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	23
7.5. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES	24
8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTIA DOCENTE	24
8.1. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	24
A.-Preparación do ensino da materia.....	24
B.- Creación dun ambiente propicio para a aprendizaxe.....	25
C.- Ensino para a aprendizaxe de todo o alumnado.....	25
8.2. INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE	25

A.- Responsabilidades profesionales como profesor 25

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICO 26

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 28

12. DATOS DO DEPARTAMENTO 28

13. REFERENCIAS NORMATIVAS 28

1. INTRODUCCIÓN

A materia de *Valores Éticos* ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de *Valores Éticos* permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desaracionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

2. CONTEXTO

2.1. CENTRO

O CPI Plurilingüe Cabo da Area está situado no exterior do núcleo urbano de Laxe (aproximadamente 3000 habitantes), concretamente ao final da praia, nunha paisaxe privilexiada. Tanto pola súa ubicación como pola súa economía trátase dun centro de mercado carácter marítimo. Ensinanzas que oferta o centro:

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.)

O centro está situado na vila mariñeira de Laxe e o alumnado procede da propia vila e das parroquias dos arredores polo que trátase dun centro eminentemente rural, dunha contorna dedicada ao mar ou ás labores da terra e o gando, polo que o nivel socio-económico das familias é, maioritariamente, medio-baixo así como o nivel socio-cultural. Este feito condiciona moitas das decisións pedagóxicas do centro e os seus departamentos didácticos, que é en moitos casos a vía que ten o alumnado de acceder a determinadas experiencias culturais ou medios para acadalas.

Os centros adscritos ao CPI Plurilingüe Cabo da Area son:

- CEIP de Traba
- CEIP de Torrexallóns

2.2. ALUMNADO

En canto ó alumnado destinatario desta programación hai que ter en conta a diversidade deste, podendo presentar nalgún momento ritmos diferentes. Realizaremos, deste modo, apoios puntuais modificando as actividades (ampliándoas ou simplificándoas), ou facendo traballos individuais que lles faga sentir que avanza da mesma forma que os demais compañeiros. Para unha correcta secuenciación dos obxectivos, concreción dos contidos, concreción dos criterios de avaliación e concreción dos estándares de aprendizaxe teremos en conta o estudo do desenvolvemento evolutivo e das características dos alumnos/as ós que van dirixidos, neste caso concreto do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, con idades que abranguen entre os 12 e os 16 anos. Neste período prodúcese unha transición fisiolóxica e psicolóxica dende a infancia á idade madura, supón un gradual proceso de medre e desenvolvemento no que as características do neno son reemplazadas polas do adulto.

O número de alumnado total é de 221 e na ESO o número é 71.

2.3. OBXECTIVOS

Valores Éticos contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física ea práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

	Avaliación	Número de sesións
	Primeira avaliación	12
	Segunda avaliación	10
	Terceira avaliación (final)	11

Establécese a seguinte **temporalización da materia de 4º da ESO**

Avaliación	Temas	Temporalización	
Primeira avaliación	Tema 1: Valores para un mundo globalizado	4	12 sesións
	Tema 2: Importancia da ética	4	
	Actividades varias	2 sesións	
	Exames escritos e corrección	2 sesións	

Avaliación	Temas	Temporalización	
Segunda avaliación	Tema 3: Democracia como estilo de vida	4	10 sesións
	Tema 4: Sociedade e xustiza. Os dereitos humanos	4	
	Actividades varias	1 sesión	
	Exames escritos e corrección	1 sesión	

Avaliación	Temas	Temporalización	
Terceira avaliación	Tema 5: Os dereito e a paz	4	11 sesións
	Tema 6: Ética, ciencia e técnica	3	
	Actividades varias	2 sesión	
	Exames escritos e corrección	2 sesións	

4. RELACION DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

Os estándares de aprendizaxe *son especificacións dos criterios de avaliación* que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada materia; deben ser observables, medibles e avaliábeis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Para esta materia temos a seguinte concreción:

4º DE ESO

UNIDADE 1: VALORES PARA UN MUNDO GLOBALIZADO

BLOQUE 1		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> - A dignidade humana. - O fundamento da dignidade humana. - A relación entre a dignidade e os dereitos humanos. - Identificación dos valores éticos nos que se inspira a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. - A liberdade. - A igualdade. - A solidariedade. - O respecto ás liberdades fundamentais. 	<p>1. Valorar a importancia da dignidade da persoa, os valores da DUDH, o concepto de virtude en Aristóteles e os valores éticos no desenvolvemento da personalidade.</p>	<p>1.1 Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>1.2 Identifica, na DUDH, a razón, a conciencia e a liberdade. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>1.3 Relaciona de forma adecuada os termos e expresións utilizados na DUDH: dignidade da persoa, liberdade humana, trato digno, etc. C. Aprender a aprender.</p>
BLOQUE 2		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave

– Os valores éticos que poden enriquecer as relacións humanas.	1. Explicar os principios que deben rexer as relacións entre os cidadáns e o Estado.	1.1 Comenta os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar. C. Aprender a aprender. 1.2 Explica os límites do Estado ao determinar as liberdades dos cidadáns que debe protexer e respectar. C. Aprender a aprender. 1.3 Elabora unha presentación expondo as súas conclusións de forma argumentada. C. Dixital
– A importancia das habilidades relativas á intelixencia emocional.	2. Explicar en que consiste a globalización e a súa relación cos medios de comunicación masiva.	2.1 Describe e avalía o proceso de socialización global. C. Sociais e cívicas. 2.2 Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. 2.3 Opina sobre o impacto os medios de comunicación na vida moral das persoas e da sociedade. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. 2.4 Valora a necesidade dunha regulación ética nos medios de comunicación. Sentido de iniciativa...

UNIDADE 2: A IMPORTANCIA DA ÉTICA

BLOQUE 3		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – A importancia da ética. – A ética e os dereitos humanos. – A importancia da autonomía. – A diferenza que existe entre as éticas materiais e as éticas formais. 	1. Recoñecer a necesidade dunha regulación ética na nosa sociedade, para garantir o cumprimento dlos dereitos humanos.	1.1 Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no s. XXI. C. Sociais e cívicas. 1.2 Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a etica. Aprender a aprender.
– A teoría da circunstancia de Ortega e Gasset.	2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano actual as circunstancias que o rodean.	2.1 Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o rodean. C. Sociais e cívicas.

<ul style="list-style-type: none"> – As características das éticas formais. – A teoría ética de Kant. 	3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais.	3.1 Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. Aprender a aprender. 3.2 Explica as características da ética kantiana. Aprender a aprender. 3.3 Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa e o imperativo categórico. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
<ul style="list-style-type: none"> – A ética do discurso. 	4. Identificar a Ética do Discurso, de Habermas e Apel, como unha ética formal, que destaca o valor do diálogo e o consenso na comunidade	4.1 Identifica a Ética do Discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula. Aprender a aprender. 4.2 Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais. Sentido de iniciativa e esp...

UNIDADE 3: A DEMOCRACIA COMO ESTILO DE VIDA

BLOQUE 3		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – A ameaza dunha globalización sen control – O aumento da desigualdade no mundo. – Os perigos do consumismo. 	1. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva	1.1 Describe e avalía o proceso de socialización global. C. Aprender a aprender. 1.2 Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global. C. Aprender a aprender.
BLOQUE 4		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – O significado da democracia. – Os valores da democracia. 	1. Concebir a democracia como un estilo de vida baseada na cidadanía.	1.1 Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns coñezan e cumpran os seus deberes. C. Sociais e cívicas.
<ul style="list-style-type: none"> – O compromiso co ben común. – Os principais deberes cívicos. – O respecto á lei. – O deber da solidariedade a través dos impostos. 	2. Reflexionar sobre o deber que teñen os cidadáns e os Estados de promover a ensinanza e a difusión dos valores éticos	2.1 Debate sobre as terribles consecuencias que pode chegar a ter a globalización para o ser humano C. Sociais e cívicas. 2.2 Comenta o deber que teñen todos os Estados, ante a globalización, de tomar medidas de protección dos Dereitos Humanos. C. Sociais e cívicas.
BLOQUE 5		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave

<ul style="list-style-type: none"> – A necesidade de protexer os nosos dereitos. – O papel da sociedade civil na loita pola igualdade. – A igualdade, a paz e a tolerancia. – O respecto ás ideas dos demais. – A preservación do medioambiente. 	<p>1. Valorar a DUDH como conxunto de ideais que son irrenunciabes</p>	<p>1.1 Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais que deben alcanzar as sociedades e os Estados. C. Sociais e cívicas.</p> <p>1.2 Sinala algunha das deficiencias existentes no exercicio dos dereitos económicos e tamén nos sociais C. Sociais e cívicas.</p>
---	--	---

UNIDADE 4: SOCIEDADE E XUSTIZA. OS DEREITOS HUMANOS

BLOQUE 1		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – A dignidade da persoa. – A Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 	<p>1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH.</p>	<p>1.1 Identifica na dignidade do ser humano a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH.. C. Aprender a aprender.</p>
BLOQUE 2		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – Os dereitos humanos. – A Declaración Universal dos Dereitos Humanos. – A relación entre a Constitución e a DUDH. 	<p>1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre os cidadáns e o Estado.</p>	<p>1.1 Elabora unha presentación expondo as súas conclusións de forma argumentada. C. Dixital</p>

BLOQUE 4		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave

<ul style="list-style-type: none"> – Os dereitos humanos. – A xustiza universal. 	1. Reflexionar acerca do deber que teñen os cidadáns e os Estados de promover a ensinanza e a difusión dos valores éticos	1.1 Diserta e elabora conclusións acerca das terribles consecuencias da globalización C. <i>Sociais e cívicas.</i>
BLOQUE 5		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – Dereito. – Moral. – A relación entre a Constitución e a DUDH. 	1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado para garantir o respecto cara aos dereitos humanos.	1.1 Explica a finalidade e características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética.. C. Aprender a aprender. 1.2 Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil. C. <i>Sociais e cívicas.</i>
<ul style="list-style-type: none"> – La teoría da Rawls. – A xustiza como equidade. 	2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do Dereito.	2.1 Busca información na Internet coa fin de definir os principais conceptos que se utilizan na teoría de Rawls. C. <i>Dixital.</i> 2.2 Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
<ul style="list-style-type: none"> – Os dereitos humanos como fundamento da xustiza. 	3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais que son irrenunciabes	3.1 Xustifica a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar. C. Aprender a aprender. 3.2 Sinala deficiencias existentes no exercicio dos dereitos. C. Aprender a aprender.

UNIDADE 5: O DEREITO Á PAZ

BLOQUE 2		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – A defensa da paz. – O vínculo entre os cidadáns e o Estado. – O dereito á paz. 	1. Explicar os principios que deben rexer as relacións entre os cidadáns e o Estado.	1.1 Comenta os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar C. Aprender a aprender.
<ul style="list-style-type: none"> – A socialización global. 	2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa	2.1 Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global. C. Aprender a aprender.

	relación cos medios de comunicación masiva.	
BLOQUE 4		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – O significado da democracia. – Os valores da democracia. – O compromiso co ben común. – Os principais deberes cívicos. – O respecto á lei. 	1. Concebir a democracia como un estilo de vida baseado na cidadanía.	1.1 Comprende a importancia de que os cidadáns coñezan e cumpran cos seus deberes. C. Sociais ...
<ul style="list-style-type: none"> – A globalización. 	2. Reflexionar acerca do deber que teñen os cidadáns e os Estados de promover a ensinanza e a difusión dos valores éticos	2.1 Debate sobre as terribles consecuencias que pode ter a globalización para o ser humano C. Sociais e cívicas.
BLOQUE 5		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – A necesidade de protexer os nosos dereitos. – O papel da sociedade civil na loita pola igualdade. – O respecto ás ideas dos demais. 	1. Valorar a DUDH como conxunto de ideais que son irrenunciabes	1.1 Elabora unha presentación sobre institucións que traballan para os Dereitos Humanos. C. Dixital.

<ul style="list-style-type: none"> – A igualdade, a paz e a tolerancia. – A preservación do medioambiente. 	2. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH.	2.1 Debate sobre a seguridade e sobre a paz. C. Sociais e cívicas. 2.2 Toma conciencia do compromiso dos españois coa paz. C. Aprender a aprender. 2.3 Elabora unha presentación sobre as novas ameazas para a paz e a seguridade. C. Dixital.
<ul style="list-style-type: none"> – O papel das Fuerzas Armadas. 	3. Coñecer a misión atribuída, na Constitución Española, ás forzas armadas	3.1 Coñece os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos. C. Aprender a aprender. 3.2 Explica a importancia da misión das forzas armadas. C. Aprender a aprender.

UNIDADE 6: ÉTICA, CIENCIA E TÉCNICA

BLOQUE 2		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – A socialización global. – Os medios de comunicación masiva. 	1. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva.	1.1 Diserta, acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva. C. Aprender a aprender.
BLOQUE 3		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> – A ética. – O desenvolvemento tecnocientífico. – A responsabilidade social corporativa. – O consumo responsable. 	1. Recoñecer a necesidade dunha regulación ética.	1.1 Sinala algúns dos novos campos aos que se lles aplica a ética. C. Aprender a aprender.
<ul style="list-style-type: none"> – A contorna. 	2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano as circunstancias que o rodean.	2.1 Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o rodean. C. Aprender a aprender.
BLOQUE 4		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave

– A democracia.	1. Concebir a democracia como un estilo de vida.	1.1 Comprende a importancia para a democracia do cumprimento dos deberes. C. Sociais e cívicas.
– A globalización. – Os dereitos éticos.	2. Reflexiona sobre o deber de difundir cales son os dereitos éticos.	2.1 Debate sobre as consecuencias negativas da globalización.
BLOQUE 6		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
– Ciencia e tecnoloxía. – A avaliación dos proxectos científicos e tecnolóxicos desde o punto de vista ético.	1. Identificar criterios que permitan avaliar, de forma crítica e reflexiva, os proxectos científicos e tecnolóxicos.	1.1 Valora a viabilidade de proxectos científicos e técnicos. C. Aprender a aprender.
– A ética deontolóxica.	2. Estimar a necesidade de facerlles cumprir unha ética deontolóxica aos profesionais.	2.1 Comprende a necesidade de aplicar unha ética deontolóxica. C. Sociais e cívicas.

5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave.

Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores **competencias sociais e cívicas** está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia **comunicación lingüística**, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a **competencia de aprender a aprender** como a de **sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademáis desenvolve a **competencia cultural** pois é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo, ; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desdea análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a **competencia dixital**, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de *Valores Éticos*, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade.

6. METODOLOXÍA

Ante a situación de pandemia provocada polo COVID-19, e en previsión dos distintos escenarios que se poidan producir ao longo do curso, alternando a docencia presencial coa non presencial, a maioría das actividades que se levarán a cabo poderanse desenvolver nos distintos escenarios (presencial, semipresencial e/ou non presencial).

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a Aula virtual do centro, que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual). Poderase facer uso das seguintes técnicas e actividades pedagóxicas:

□ **Actividades de coñecementos previos.** Cuestionario inicial: conxunto de preguntas coas que se pretende ir introducíndose nun tema. Incídese máis na implicación do alumno que na avaliación de contidos. Tratarase, na maior parte dos casos, de interrogantes que pretende facelos reflexionar acerca das súas propias ideas, actitudes e comportamentos..

□ **Actividades de reforzo** para aqueles alumnos que mostran dificultades de aprendizaxe: Resolución de exercicios adaptados así como actividades de vocabulario como a construción de frases nas que aparezan os termos estudados, completar frases cos termos apropiados, etc.

□ **Actividades de ampliación:** Elaboración de traballos (procura de materiais, discusión, crítica, redacción de conclusións, etc.) sobre algúns dos puntos temáticos recollidos na presente programación para elaborar en equipos pequenos e expoñer en clase.

□ **Exercicios de desenvolvemento de contidos:** Actividades e exercicios realizados e corrixidos na aula clase.

□ Debates dirixidos e animados polo profesor sobre os diversas cuestións recollidas no temario.

□ **Actividades de síntesis-resumen:** interpretación de mapas conceptuais ao remate de cada unidade.

□ **Observación directa:** colaboración no traballo da aula, cooperación cos compañeiros, disposición cara o traballo, atención en clase, presentación no tempo e forma dos traballos e exercicios.

□ **Actividades de avaliación:** Probas escritas. Na cualificación das probas escritas valoraranse positivamente os seguintes aspectos.

- Adecuación pregunta-resposta
 - Corrección formal e gramatical
-

- Capacidade de síntese
- Capacidade de definición
- Capacidade de argumentación e razoamento

6.1. OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

Non se contempla o emprego de libro nesta materia. O profesor facilitará todo o material e apuntamentos mediante fotocopias ou copia electrónica (lapis electrónico ou envío por correo electrónico) ao alumnado.

Existirá tamén material elaborado polo profesorado da materia, xunto con enlaces, videotutoriais, presentacións, etc., colgados na aula virtual do centro.

Por outro lado buscarase tamén:

- Educación en valores: a cultura da paz, o desenvolvemento sustentable, o respecto á diversidade cultural, a igualdade de dereitos entre os sexos, diálogo, a defensa da democracia, a tolerancia e solidariedade son valores que se abordan expresamente en cada un dos distintos bloques temáticos recollidos no apartado secuenciación de contidos. Non nos detemos aquí a explicitar o xa recollido nos apartados anteriores.
 - O fomento da lectura: de acordo cos obxectivos de promoción dos hábitos de lectura e de contribución á mellora da comprensión lectora recollidos no Proxecto Lector do noso centro poranse en práctica estratexias destinadas a mellorar a competencia lectora. Estas estratexias estarán orientadas a:
 - Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
 - Obter información (capacidade para extraer información do texto).
 - Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
 - Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
 - Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).
-

Para iso haberá actividades de lectura tutelada verificando se se comprende o lido en voz alta e deténdose no vocabulario que os alumnos descoñezan. En ocasións deberán facer resúmenes e esquemas identificando as ideas principais do texto e relacionándoas entre si. As frases ou parágrafos máis complicados deberán ser adaptados entre todos á unha linguaxe accesible aos alumnos. Ademais traballarase a comprensión lectora con análises guiadas de textos.

- Tratamento do fomento das TIC: o alumnado realizará exercicios na AULA VIRTUAL. Ademais facilitaráselles enderezos de internet para cada unha das unidades didácticas onde poderán atopar información, actividades, vídeos, exercicios e textos de relacionados cos contidos da materia.

Así mesmo, faranse propostas de traballo como a realización por grupos de pases de diapositivas aos que deberían sobrepoñer unha narración explicativa sobre calquera dos aspectos tratados no currículo, o ben como a elaboración de guías para o visionado de fragmentos de contido audiovisual poderán atopar na biblioteca do centro.

- Tratamento do fomento da convivencia no centro: a través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:
 - o Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
 - o Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
 - o Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia, ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
 - o Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
 - o Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos no centro.
 - o Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

Contribución ao Proxecto Lingüístico: As actuacións que se levarán a cabo desde a materia para desenvolver o proxecto lingüístico serán as seguintes:

- o Respetarase a lingua establecida polo proxecto lingüístico para a docencia da materia.
-

- Utilizaranse as medidas de apoio e reforzo establecidas para o correcto uso lingüístico educativo, para alcanzar o obxectivo de fomento do plurilingüismo.
- Adoptaranse medidas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poidaseguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- Colaborarase nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

7. AVALIACIÓN

7.1. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar, e comprenderá as seguintes accións:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Se se considera necesario, realizarase unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia.

Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

A partir da avaliación inicial, e sempre que se considerase necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

7.2. AVALIACIÓN CONTINUA

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. A última destas avaliacións coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

Neste curso aplicaranse os seguintes procedementos que se poderán levar a cabo para avaliar ao alumnado, dos cales poderanse realizar de maneira presencial ou telemática segundo a situación sanitaria o estabilidade.

- Traballo na aula (ou na casa en caso de docencia non presencial): Terase en conta a realización das tarefas, a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan, o respecto ás normas da clases, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, e a orixinalidade.

- A proba escrita correspondente a cada un dos bloques temáticos do currículo.

- Traballos feitos individualmente: Terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, e a capacidade crítica.

Na **nota da avaliación** 50% da cualificación dependerá da media aritmética das probas e exercicios sobre as unidades didácticas realizadas periodicamente na clase, e un 50% para as probas escritas de final de trimestre. O trimestre no que, previo acordo co alumnado, se realicen traballos individuais, estes constituirán, o 60% da cualificación, reservando o 40% para as tarefas de clase.

Estes procedementos poderán ser realizados, tanto de maneira presencial como virtual, dependendo dos distintos escenarios que establezan as autoridades sanitarias e educativas (presencial, semipresencial e/ou non presencial).

No caso de que un determinado procedemento se realizase sempre de maneira presencial, a ponderación desta parte presencial será do 100%, e viceversa se se producira todo de maneira telemática.

En canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula (ou na casa cando a actividade presencial quede suspendida), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (0).

Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación a cada instrumento de avaliación, alcanza un 5. Si unha das avaliacións se suspende, ao ser avaliación continua, considerarase como recuperada cunha nota de 5 ao aprobar a seguinte.

7.3. AVALIACIÓN FINAL

A avaliación final dependerá da media aritmética das 3 avaliacións trimestrais, se esta media alcanza a puntuación de 5 considerarase como superada a materia.

7.4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario en xuño para o alumnado que non acadou cualificación positiva na convocatoria de xuño.

Na data de xuño que acorde o centro educativo realizárase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superalo.

O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promocióne decurso, levará a materia pendente.

7.5. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

Ao longo do curso aos/ás alumnos/as entregaráselles unha serie de exercicios de repaso dos temas da materia pendente, que os entregarán ao/á xefe/a do departamento segundo unhas datas establecidas para a súa corrección. No caso de que o profesor/a o estime necesario, poderá realizarse unha proba, ben escrita ou oral, e será un método de avaliación que se terá en conta para superar a materia.

Tamén poderá propoñerse a realización dalgún traballo escrito sobre temas que se indicarán puntualmente. Este traballo será entregado nas datas que se indiquen e tamén se terá en conta para superar a materia.

Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas.

Ademais, o alumnado disporá dun *exame final ordinario* na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. No caso de que non acadase cualificación positiva tería unha convocatoria extraordinaria en setembro para poder acadar os mínimos esixibles e superar a materia.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTIA DOCENTE

8.1. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

A.-PREPARACIÓN DO ENSINO DA MATERIA

A.1.- Domina os contidos da materia e o marco curricular.

A.2.- Coñece as características, coñecementos e experiencias do alumnado. A.3.-

Domina a didáctica da materia.

A.4.- Organiza os contidos e os estándares de aprendizaxe de maneira coherente co marco curricular e as particularidades do alumnado.

A.5.- As estratexias de avaliación son coherentes cos estándares de aprendizaxe, e permitendemostrar a todo o alumnado o aprendido.

B.- CREACIÓN DUN AMBIENTE PROPICIO PARA A APRENDIZAXE

B.1.- Establece un clima de relacións de aceptación, equidade, confianza, solidariedade e respecto.

B.2.- Manifesta altas expectativas sobre as posibilidades de aprendizaxe e desenvolvemento de todos os seus alumnos.

B.3.- Establece e mantén formas consistentes de convivencia na aula.

B.4.- Establece un ambiente organizado de traballo e dispón os espazos e recursos en función das aprendizaxes.

C.- ENSINO PARA A APRENDIZAXE DE TODO O ALUMNADO

C.1.- Comunica de forma clara e precisa os obxectivos e contidos da materia

C.2.- As estratexias de ensino son coherentes, motivadoras e significativas para o alumnado C.3.- O contido da clase é tratado con rigorosidade conceptual e é comprensible para o alumnado.

C.4.- Utiliza metodoloxías baseadas nas TIC. C.5.- Optimiza o tempo dispoñible para o ensino.

C.6.- Promove o desenvolvemento do pensamento.

C.7.- Avalía e recolle o proceso de comprensión e ampliación dos contidos por parte do alumnado.

8.2. INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

A.- RESPONSABILIDADES PROFESIONAIS COMO PROFESOR

A.1.- O profesor reflexiona sistematicamente sobre a súa práctica.

A.2.- Constrúe relacións profesionais e de equipo cos seus compañeiros.

A.3.- Asume responsabilidades na orientación do seu alumnado.

A.4.- Propicia relacións de colaboración e respecto cos pais.

A.5.- Manexa información actualizada sobre a súa profesión, o sistema educativo e normativa vixente.

A.6.- Participa e comprométese con Proxecto Educativo do centro.

A.7.- Organiza e participa nas actividades colectivas do centro.

Os *instrumentos para avaliar os anteriores indicadores* poderían ser algúns dos seguintes,segundo o caso:

- Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente.
- Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación (obxectivos, contidos, metodoloxía).
- Análise dos resultados académicos.
- Reunións entre o profesorado.
- Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos.

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICO

Ao finalizar o curso en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a esta materia:

- A) Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B) Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C) Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D) Motivos das modificación feitas.
- E) Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

	Insuficiente	Suficiente	Ben	Notable	Sobresaliente
Curso					
Curso					
Curso					

Posteriormente, finalizadas as probas extraordinarias de setembro, modificarase a anterior táboa segundo os resultados obtidos.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O tratamento da diversidade do alumnado farase atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumna ou alumno na aula.

Así, farase dependendo de cada caso, unha distinción de niveis. Nun primeiro nivel trataranse as ideas xerais e básicas sobre o tema concreto, para pasar, nun segundo nivel de profundización, ó estudo de temas máis concretos. O primeiro nivel deberá ser asimilado por tódolos alumnos, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados máis ou menos profundamente segundo as capacidades de cada alumno en concreto.

Para iso realizaranse un conxunto de Actividades de Reforzo e de Actividades de Ampliación en función do nivel, que teñen por obxectivo comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumno e corrixir contidos mal aprendidos e facilitar que todos os alumnos e alumnas poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa.

Para aqueles alumnos de altas capacidades proporanse tanto actividades de ampliación e profundización no aprendido como tarefas que supoñan un reto, unha novidade ou actividades que axuden a estudar novos temas dentro e fóra do programa.

O alumnado con altas capacidades precisan estratexias de ensinanza e diferenciadas consecuencia dun continuo de medidas graduais que teñen o seu inicio nas medidas de atención á diversidade recollidas nos documentos institucionais do centro. As estratexias empregadas con maior frecuencia son as seguintes:

Deseñaranse programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. En ocasións, o enriquecemento tense entendido como a elaboración de programas paralelos aos ordinarios, que se aplicaban de xeito simultáneo a eles e que non tiñan conexión coas actividades que realizaba o resto da clase.

Xeralmente optarase por adaptacións do currículo que se acomoden ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas.

Empregaranse de dous tipos de estratexias:

- As adaptacións curriculares de ampliación ou **enriquecemento vertical** aumentando a cantidade de contidos.
- A ampliación curricular de **enriquecemento horizontal**: profundizando sobre os contados.

Por outro lado a proposta dun enfoque metodolóxico por proxectos facilitará a permanencia no programa do grupo, a interdisciplinidade tan efectiva neste tipo de alumnado e a posibilidade dun avance persoal acorde coas propias capacidades.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non se ten previsto realizar actividades extraescolares para o presente curso.

12. DATOS DO DEPARTAMENTO

O profesor que impartirá a materia de Valores Éticos en 4º da ESO será Sergio Pereira Bendaña, a profesora que impartirá a materia en 3º da ESO será Rosa Mª Torreira Otero e a profesora que impartirá a materia en 2º da ESO será Mª José Gómez Suárez.

Esta materia consta de unha hora semanal á semana. Concretamente neste curso realizarase os xoves a 6ª hora.

13. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

 - Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

 - Orde do 19 de mayo de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22.

 - ORDE do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
-